

# EDUT

O proxecto EDUT, Avaliación e perspectiva da Educación en Timor Leste. Educación e desenvolvemento: desafíos, dificultades, oportunidades e propostas de estratexias de intervención, foi desenvolvido por investigadores de ALGA en parceria coa UNTL (Universidade Nacional de Timor Leste), con financiamento da Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña.

## Objetivos

O obxectivo do proxecto foi a descrición, análise e avaliación do sistema educativo timorense como un dos principais instrumentos para o desenvolvemento socioeconómico en Timor Leste. A produción de coñecemento experto permite non só coñecer os contextos de intervención das accións de cooperación, senón develar as debilidades, necesidades e oportunidades do sistema. Esta identificación da realidade sociocultural permite o deseño de axeitadas estratexias de intervención que promovan eficazmente prácticas competentes e razoadas en cooperación educativa.

Buscáronse na investigación avaliar e contribuir a dar resposta a distintos problemas contemplados no sistema educativo timorense, así como no contexto xeral da sociedade local naqueles aspectos implicados na educación.

## Coordinadores

- UDC: Luis García Castro (PhD) e Esther López López (PhD)
- UNTL: Reitora

Datos: 2007-2008

Na actualidade o equipo do proxecto está a elaborar os resultados do mesmo. De xeito puntual, algúns dos aspectos do EDUT serán matizados nunha fase complementaria en 2009.

Contacto: [cooperacion@anthroponet.org](mailto:cooperacion@anthroponet.org)